

SEMPRE SERÁ NADAL

Nadal de pobrezas duras onde envexas e demoras
queren roubar as auroras do amor coas súas tenruras.
Marcarán os prazos lentos e mirarán con coidado
as imaxes do pasado evitando esquecementos.
Cómpre lembrar os afectos para acadar un futuro
que simbolice os traxectos pois traza un fin seguro:
somos pequenos proxectos, charamuscas no escuro!

Nadal aquel de antigas fames crúas
perverso, cravuñaba ata as entrañas,
traspasando as esencias e as raigañas,
desgarrando por dentro as carnes núas.
Nadal de horas grises que eu só lembro
nos relatos que axitan a amargura;
rexiteban con valor tanta tristura
no aloumiño dos lumes de decembro.
Coa calor e a quentura da lareira
calmaban entre todos a invernía,
pasmados coas faíscas da fumeira.
Gardaban confianza en que viría
a Luz dun Sol pousar á súa beira
no amencer dun mañá, a cada día.

Nadal dos tres reis magos e panxolas,
de gaitas rituais e de pandeiras,
de cultos e aninovos e xaneiras,
desexos, aguinaldos e de esmolas.
Nadal de escuras cinzas e restrollos
que agachan os saloueos dun inverno
co enigma da orixe sobre o eterno,
co misterio que anubra os nosos ollos.
A memoria gardou con humildade
arrolos de ilusión para un instante,
aromas das nostalxias dunha idade.
Perfumes daquel intre tan distante

que volven cada ano entre a frialdade
pousar no alto confín un Sol radiante.

Nadal de estrelas que ollan desde o ceo,
que sinalan e guían o camiño
e na Chaira, na flor da auga do Miño,
fan reflexos de luz nun río cheo.
Nadal de fumes, silencio e retiro,
no elixir que me envolve en néboas mestas
e pon, dentro de min, aire de festas
nas pucharcas, espello en que me eu miro.
Nadal de neve, ventos e xeadas
que descobren, nos ecos dos rumores,
os recantos da nosa xente amada!
Achéganos así os sons fascinadores
da calor, do corazón e da ollada:
...da man do amor, que se nos abre amores!

Nadal que nos comprace e nos sitúa
cos que non sentan xa na nosa mesa
e co moito que o noso sangue pesa,
mentres medra o acordo e perpetúa.
Chegarán con teima ou repentinios,
debullando as xeiras dun pasado
quizais baixando os estreitos destinos.
Tempo que sempre semella esquecido,
lendas moi vellas que saben de certo
aquilo de antes, nun libro esculpido:
...fala dun Neno, nun portal nacido,
a Luz de ilusión desde un ceo aberto,
...vén liberar ao que anda perdido.

Nadal de loitas e aceiros atan o mundo en xenreiras.
As guerras, sempre incapaces, son as que deixan baleiros.
Nadal de fame e miserias, ...esqueceron aquel Neno
que en verbas de Amor sinxelo calmaba as nosas angueiras,
abría a Luz e a esperanza
sobre o amencer no horizonte
restituíndo a confianza. Nadal de hoxe e de onte
que mira adiante e avanza nun eido humilde, en Begonte!